



PLAN DE ACOLLIDA CURSO 2020-2021

Alumnado 1º ESO

Os días previos ao comezo da actividade lectiva convocaranse unha xuntanza co alumnado de 1º ESO do centro. A estas xuntanzas asistirá o alumnado e un acompañante por cada alumno/a.

Nestas xuntanzas, unha integrante do equipo directivo explicará as novas normas de organización e funcionamento do centro derivadas do “Plan de adaptación á situación COVID no curso 2020-2021” e tamén se realizará o percorrido de entrada e saída do centro establecido no citado plan. Ademais, nas reunións, sería importante que estivesen presentes as titoras e titores, para que xa se estableza un primeiro contacto coas familias.

As xuntanzas realizaranse nos espazos nos que se poda manter a distancia de seguridade e tanto o alumnado coma os acompañantes levaran máscara.

A cronoloxía destas xuntanzas será a seguinte:

LUNS 21 DE SETEMBRO	
16:30	1º ESO A / 1º ESO B / 1º ESO C
18:00	1º ESO D / 1º ESO E / 1º ESO F

Resto do alumnado

Debido ás circunstancias sanitarias excepcionais e ó retraso con que se comunicou a confirmación do profesorado adxudicado ó centro educativo non é posible organizar unha xuntanza de inicio de curso co resto de niveis educativos. Nembargantes e para que o alumnado dos niveis restantes saiba como debe acceder ó centro educativo o primeiro día de clase, subíranse unhas instrucións explicativas á páxina web do centro con esas indicacións básicas.

Información xeral

Seguindo as instrucións para a incorporación gradual do alumnado para o curso 2020/2021, cada grupo será acollido pola súa titora ou titor, que realizará, durante as dúas primeiras sesións da mañá, a correspondente explicación das normas de organización e funcionamento do centro e do procedemento de acceso á Aula Virtual e así mesmo a explicación das novas medidas derivadas da implantación do “Plan de adaptación á situación COVID no curso 2020-2021” (actuacións de prevención, hixiene e protección nas aulas, percorridos para as entradas, saídas e



desprazamentos dentro do centro, etc.). Por outra banda, durante as tres xornadas de volta ás aulas (23, 25 e 28 de setembro) así coma nas primeiras semanas lectivas, algunha das integrantes do equipo COVID realizará unha explicación en cada grupo relacionada coa prevención, hixiene e medidas de protección persoais fronte a COVID-19.

A acollida do alumnado realizarase de acordo cos prazos establecidos na Resolución do 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establece a incorporación gradual do alumnado para o curso 2020/2021 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia modificada pola ORDE do 16 de setembro de 2020 pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2020/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia na súa disposición adicional derradeira, e no noso caso modificado á súa vez pola inspección educativa por mor do festivo local do 24 de setembro:

MÉRCORES 23 DE SETEMBRO	1º ESO, 2º ESO, 1º BACHARELATO, 1º CM
VENRES 25 DE SETEMBRO	3º ESO, 2º BACHARELATO, 2º CM
LUNS 28 DE SETEMBRO	4º ESO

Nas primeiras semanas do curso o profesorado comprobará que ten os cursos correspondentes ás dúas materias activos na Aula Virtual e presentaralles o seu contido ao alumnado.

Neste comezo de curso, o Departamento de Orientación encargárase de detectar as necesidades do alumnado do centro a través da análise dunha enquisa entregada nos primeiros días na que se consultarán cuestións relacionadas coa dispoñibilidade de medios para a aprendizaxe telemática, coas necesidades vinculadas á etiqueta sanitaria e cos aspectos emocionais e sociais.

Unha vez iniciado o curso académico organizaranse actividades para comprobar as condicións de estado emocional do alumnado e para traballar o benestar emocional do mesmo. Así mesmo, e como se solicitou na derradeira comisión de coordinación pedagóxica, o centro educativo queda pendente da próxima aparición do Programa EduBenestar por se as súas propostas fosen interesantes para a comunidade educativa.

En Poio, a 19 de setembro de 2020